


# LEADER

N.º ESPECIAL: Xesús de Nazaré



## MAR MORTO

É un lago salgado que está a 416,5 m por debaixo do nivel do mar. É dez veces máis salgado ca os océanos, o que impide que no seu interior poidan vivir seres vivos, agás algúns microbios. Os bañistas flotan na auga sen esforzo ningún.

## PALESTINA

Palestina é un pequeno país situado á beira do mar Mediterráneo. O río Xordán atravesao de norte a sur e forma un val moi fértil. O clima é mediterráneo: o inverno é suave, pero o verán é moi caloroso e seco. A súa paisaxe é moi variada: ten altas montañas, costa, chairas, vales e desertos.

Xerusalén é a cidade máis importante, por ser a capital relixiosa e política. Alí está o Templo.

Na época de Xesús, Palestina era unha provincia do Imperio Romano. A xente do país podía vivir segundo a súa propia relixión e costumes, pero era Roma a que tiña a autoridade final. Cando naceu Xesús, o emperador de Roma era Octavio Augusto. Palestina estaba gobernada por un rei romano chamado Herodes, que fora elixido polos romanos. Poncio Pilato era daquela o gobernador de Xerusalén; durante o seu mandato tivo lugar a predicación de Xesús e foi el quen ordenou a Súa morte.


Os xudeus esperaban a chegada dun Mesías, dun salvador que os liberase do dominio romano. Así foi denominado Xesús polos seus discípulos. Máis tarde, chamárono Cristo, que significa 'Señor' e, unindo as dúas palabras, chamóuselle Xesucristo.

Nome: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

1. Colorea o mapa e sitúa as palabras do recadro.

— Debuxa as vilas e cidades.

Mar Mediterráneo  
Río Xordán  
Xerusalén  
Nazaré<sup>1</sup>  
Mar de Galilea  
Betania



2. Completa este cartel publicitario para visitar a Terra Santa, o país de Xesús.

## VISITA A TERRA SANTA

• Cando ir...

Durante todo o ano, aínda que nos meses de ..... a calor é abafante.

• Que facer...

Admirar as obras de ..... que hai nas numerosas igrexas.

Percorrer as rúas de ....., a vila onde creceu Xesús.

Ir a ..... para ver o que queda do Templo.

• Non podes perder...

A experiencia de flotar no mar .....